

## ROSALÍA DE CASTRO E EMILIA PARDO BAZÁN

**Marina Mayoral**

Catedrática Emérita da Universidad Complutense de Madrid  
Transcripción da intervención por **Antonio Reigosa**

A escritora e catedrática emérita da Universidade Complutense de Madrid, Marina Mayoral, intervívú telematicamente na mesa redonda que tivo lugar no Auditorio Municipal Pascual Veiga na mañá do día 1 de xullo de 2023. O título: 'Andrea López Chao e a influencia doutras mulleres galegas da época no seu labor na emigración en Cuba (Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal). Andrea, unha das pioneiras feministas. Análise da súa participación no I Congreso da Muller celebrado na Habana no ano 1923". Esta é a transcripción da súa intervención:

Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán son as dúas escritoras da literatura española máis importantes do século XIX. Pero son dúas figuras case antagónicas, mesmo no modo en que nos referimos a elas. Rosalía cítase sempre só polo nome: Rosalía. A outra é Pardo Bazán ou pónselle diante un título de respecto: dona Emilia. Ou sexa, Rosalía e dona Emilia.

As dúas cultivan varios xéneros literarios pero o que lles deu a fama, o que fixo delas escritoras de literatura europea e eu diría que universal foi Rosalía, poesía, e prosa de ficción, novelas, dona Emilia.

Dona Emilia nace nunha familia de clase social alta e adiñeirada. O seu pai é un home de talante liberal e educaa coa idea de que ela pode facer o mesmo que fan os homes, isto tanto no traballo como no que se refire ás relacións entre homes e mulleres. Ela cita textualmente as palabras de seu pai que vou repetir

“Mira, hija mía, los hombres somos unos egoístas y si te dicen alguna vez que hay cosas que pueden hacer los hombres y las mujeres no, di que no, es mentira, porque no puede haber dos morales para dos sexos”.

Refírese a que a sociedade e mesmo a igrexa era moi tolerante coas aventuras eróticas dos homes pero era terriblemente dura, era o Inferno a condenación total se se trataba dunha muller. Era unha falta da que xa non se podía saír.

Rosalía era de familia fidalga pero de escasos recursos económicos. Era filla de nai solteira e de pai sacerdote. É dicir, Rosalía foi unha nena sen pai ou, o que é aínda peor, foi unha filla de cura, porque todo se sabía no pequeno mundo no que vivía. A súa nai, contra o que se pensaba noutro tempo, fíxose en seguida cargo desta nena, afrontando o que na sociedade se consideraba unha mancha na familia pero desde pequena Rosalía viviu con súa nai, pero con esa sensación de mancha, de culpa e de escasos recursos económicos.

Dona Emilia casou moi nova, aos dezaseis anos, pero cando se separou o seu marido non tivo ningunha intervención na súa vida. Ela converteuse nunha muller cosmopolita que viaxaba por Europa e falaba varios idiomas, que participaba en congresos e escribía artigos na prensa dunha maneira moi habitual, participaba na vida social e política da época. E ademais, tiña un salón. O salón de dona Emilia en Madrid era famoso e alí recibía a xente da cultura e tamén da política. E iso dáballe moito poder na sociedade. Vou poñer un exemplo. Un rapaz moi novo, un pintor galego, Joaquín Vaamonde, fixo un retrato de dona Emilia e pediulle que se lle gustaba, que o expuxese no seu salón. O retrato é precioso e dona Emilia expúxo. Pois bastoulle que estivese no salón de dona Emilia para que se convertese Joaquín Vaamonde nun pintor de fama en Madrid. E toda a alta aristocracia, mesmo personalidades da realeza pedíanlle retratos. Era unha persoa que realmente tiña importancia na vida social.

Rosalía, polo contrario, fai a súa inmensa obra, esa obra universal, pechada na casa. Rosalía non sae da súa casa. Na súa mocidade participou como actriz nas xornadas que se facían no Liceo da Mocidade de Santiago, e din que con moito éxito pero esa foi toda a intervención que fixo na vida pública. Casou con Manuel Murguía, un gran intelectual, un gran galeguista, un gran historiador a quen lle debemos moitísimo pero que realmente era moi contrario á participación das mulleres na vida social. Apoiou moito a Rosalía para que escribise porque cría no seu talento sinceramente pero dende a casa. Rosalía non sae da casa. Nunca deu unha conferencia, nunca participou nun congreso, nunca tivo ningún tipo de actividade cultural ou social. E ademais casou con este home, con Murguía, que era un gran intelectual, un home con moitísimos valores pero era case un anano e Rosalía era unha muller alta e forte e debían facer unha parella verdadeiramente pintoresca. E casa cando ten 21 anos, que tampouco era moi nova xa. Casa con ela e a partir de aí, el goberna e converte a Rosalía na representación da Galicia mártir e sufrinte, maltratada polos gobernos centralistas. Iso é unha invención de Murguía, porque Rosalía tiña un carácter forte e non era nada choromiqueira. Era, como dona Emilia, dúas persoas con un carácter realmente forte. E unha proba, ela en Cantares Gallegos nun cantar di “Castellanos de Castilla, tratade ben ós galegos; cando van, van como rosas, cando veñen, coma negros”.

Rosalía ataca a esa Castela que non respecta aos que van traballar alí, aos que van gañar o pan a Castela. E chámalle miserable e fanfarrona, un ataque verdadeiramente forte. Como inflúen estas dúas mulleres na vida das outras? En que medida se pode dicir que conseguen abrir novos camiños para outras mulleres?

Vese moi claramente en Pardo Bazán porque Pardo Bazán sempre condenou o que ela chamaba o “destino relativo” das mulleres. Decía que as mulleres non teñen vida propia, sempre “a nai de”, “a filla de” “a dona de” ou “a irmá de”, todo en función dun home, dos homes da familia. Todas as mulleres teñen unha vida propia. Iso condenouno e falou moito diso e axudou a que isto non fose así. Despois estaba moi convencida tamén da igualdade intelectual de homes e mulleres. Nisto mellor que Concepción Arenal, que chegou a dudar. Ela

(Concepción Arenal) dicía que os homes recibían unha instrución, unha educación, e as mulleres non, e que o seu cerebro chegaba a bloquearse, a diminuír. Pero intelectualmente, dona Emilia nunca aceptou a inferioridade da muller e polo que se refire a si mesma, ao seu traballo, estaba convencida de que pasaría á posteridade. Nunca dubidou do valor do seu propio traballo.

Ben, pois Rosalía era todo o contrario. Considerábase a si mesma unha medianía. Esta é a palabra que utiliza: unha medianía! É increíble! Era moi dada a destruír os seus propios manuscritos. Nunca ocasión escribelle a Eduardo Pondal e dille que acaba de destruír o que tiña escrito. E dille “pero pouco se perde...”

É unha cousa que non se pode crer, esa modestia desa gran escritora. Ben, e o caso terrible é que xa ás portas da morte dille á súa filla máis vella que destrúa os manuscritos que ten na súa mesa de traballo. E a filla faino. E isto, isto sabémolo sempre por persoas interpostas, fai que Murguía lles diga ás súas fillas: “habéis destruido su gloria y vuestra fortuna”.

Rosalía na súa obra expón unha pregunta universal, e isto é o que universaliza a súa obra: Ten sentido a vida humana? E a resposta cando lemos a súa obra é: Non!

Rosalía acepta ese destino trágico, humano, de ser conscientes de que non hai unha resposta.

Isto os homes podían dicilo, Lord Byron ..., os homes románticos, pero non as mulleres. E Rosalía con toda sinceridade di “non hai resposta”, “non hai resposta e hai que aceptalo porque ese é o destino humano”. “Non temos outra cousa que un corpo de terra e un espírito cansado”.

Vouno dicir coas súas propias palabras nun poema que ela escribiu en Follas Novas, nas primeiras páxinas. E di así:

Algúns din, ¡miña terra!  
Din outros, ¡meu cariño!  
Y este, ¡miñas lembranzas!  
Y aquel, ¡ou meus amigos!  
Todos sospiran, todos,  
Por algún ben perdido.  
Eu sô non digo nada,  
Eu sô nunca suspiro,  
Qu'ó meu corpo de terra  
Y ó meu cansado esprito,  
A donde quer qu'eu vaya  
Van connigo.